


# TRES TRISTES 2.0

**K** kirenía  
danza



COPRODUCCIÓN DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO CCG - AGADIC  
CÍA KIRENIA DANZA. Un proxecto escénico de recuperación de repertorio



TRES  
TRISTES  
2.0

**Data de estrea: 29.08.2021**

**Duración: 00:55 ´**

**Danza Contemporánea**

**Peza adaptable a espazos interiores e exteriores**

**Autoría: Kirenia Martínez Acosta**

**Intérpretes: Estefanía Gómez , Leodán Rodríguez e Kirenia Martínez Acosta**

**Extractos coreográficos/ versionados: Danza Teatro Retazos (Cuba)**

**Colaboradores artísticos: Danza Teatro Retazos, (Cuba) e Memory Wax (Suecia)**

**Asistencia coreográfica: Miguel Azcue**

**Deseño de vestiario: Jandro Villa**

**Espacio Sonoro: Llxnto e Bruno Baw**

**Deseño gráfico: Niko Alvarellos**

**Deseño de luces: Diego Vilar ( RTA)**

**Espazo técnico: RTA**

**Espazo audiovisual: Visaki Film e Kirenia Danza**

**Coproducción: Centro Coreográfico Galego**

**Producción: EidosD e Idearock**

**Distribución: Kirenia Danza e Artestudio Xestión Cultural**






**TRES TRISTES 2.0** é unha peza que traballa co repertorio da compañía cubana Danza Teatro Retazos espigando materiais antigos de pezas como "La casa de María", "Mujeres", "Rosas y Herencias", "Pesas en las manos" e "Tres tristes tres". O motivo da recuperación é mostrar unha alquimia repertorial da tradición propia que queda lonxe, case esquecida polos bailaríns que estrearon as pezas fai dúas décadas.

**TRES TRISTES 2.0** é tamén unha reflexión sobre temáticas universais coma a soidade, o encontro, a pertenza, o absurdo, a beleza, o grotesco, o misterio e a poesía. Recordos que abriron un acordo silencioso e sen texto; e sobre eles, preguntámonos:

Qué pasa cando esquecemos unha coreografía que non foi documentada nun soporte visual? Cómo unha bailarina pode recoller a testemuña coreográfica doutras anteriores? Cómo lembramos aqueles movementos antigos? Cal foi a mecánica poética dun movemento perdido? Cómo poderemos recuperar os movementos perdidos?

[kireniadanza.gal/produccion/tres-tristes-2-0](http://kireniadanza.gal/produccion/tres-tristes-2-0)



TRES  
TRISTES  
2.0

Este proxecto testa a metodoloxía de recuperación de repertorios como alternativa viable para o sector dancístico contemporáneo nun contexto de crise sanitaria e económica de especial impacto para a Danza, que dificulta a distribución de proxectos de nova creación pola superposición da distribución das mesmas, adiadas por reprogramacións de tempadas previas afectadas pola pandemia.

Partirnos da idea de recuperar, mediante a “Arqueoloxía do Movemento”

[kireniadanza.gal/arqueoloxia-do-movementounha](http://kireniadanza.gal/arqueoloxia-do-movementounha)

peza de repertorio dunha das compañías máis recoñecidas e importantes de Cuba, Danza Teatro Retazos. “Tres Tristes Tres” é a peza orixinal na que se inspira esta nova versión. Creouse no marco do Festival Habana Vieja Ciudad en Movimiento polo coreógrafo Miguel Azcue xunto a Kirenia Martínez, que daquela comezaba a súa carreira como intérprete dentro desta compañía. Tanto o festival como a compañía sinificaba para moitos novos artistas a oportunidade de participar dun espazo creativo nado da necesidade de comunicar e dialogar cun público amplo, diverso, fóra dos marcos establecidos na Cuba dos anos 80 e 90.



TRES  
TRISTES  
2.0



O desexo e as circunstancias nas que se crea esta actual “TRES TRISTES 2.0” conectan e coinciden en certa medida coas necesidades particulares nas que foi creada a versión orixinal. Crear unha peza como pretexto do reencontro dun coreógrafo e unha bailarina despois de 20 anos, unha versión 2.0. A decisión de manter o estilo e estética dos 90 permitiu aos novos intérpretes explorar na liberdade e xogo á hora de crear sen ter que desenvolver unha base conceptual ex novo, senón coa disposición ao xogo espontáneo, seguindo impulsos, imaxes e dinámicas comúns da memoria. Este afán de recuperar a partir da memoria grupal e colectiva unha peza de hai 20 anos serviu para lanzar un amplo diálogo sobre o valor da recuperación de repertorios.

Durante o proceso de investigación reapareceron ideas, intereses compartidos e puntos de vista individuais que levaban en si a cerna da estética e a filosofía da antiga compañía: O labor creador de Isabel Bustos, directora da mesma durante máis de 30 anos e que creara un selo propio e recoñecible en moitos creadores e coreógrafas que hoxe desenvolven un labor artística propia en diferentes lugares do mundo, unha escola de aprendizaxe e experimentación onde a poesía, a maxia e a visualidade entrelazábanse cunha fisicalidade cotiá, próxima á experiencia do espectador non experto.

Mais o proxecto non soamente se resume nunha nova montaxe e representación actualizada dunha peza antiga de danza contemporánea, senón que quere abrir a reflexión sobre esta metodoloxía da “Arqueoloxía do movemento” aos públicos polo seu alto valor cultural i é por iso que documentamos en paralelo a produción todo o proceso creativo coas actuais ferramentas e recursos que nos ofrecen os avances da comunicación dixital dos novos e pospandémicos anos 20. Amosa conversas entre xente que non coincide hai décadas, dúbidas metodolóxicas, o esforzo e as conexións da memoria corporal no longo prazo, e si é e como é posible acceder á mesma. Traemos ao primeiro plano da escena o poucas veces visibilizado proceso anterior á Danza e a complexidade dun proceso de recuperación de movemento.




TRES  
TRISTES  
2.0





TRES  
TRISTES  
2.0





# TRES TRISTES 2.0

## Contratación

**Kirenia Martínez Acosta**

**info@kireniadanza.gal**

**kireniadanza.gal**

**T: +34 617654332**

**kireniadanza.gal**

**facebook.com/kireniadanza**

**instagram.com/cia.kireniadanza**

**twitter.com/KireniaDanza**

**vimeo.com/kireniadanza**



COPRODUCEN:



**centro  
coreográfico  
galego**

**AGADIC**



Agencia Galega das  
Industrias Culturais



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Xacobeo 21-22  
Galicia**

